



COMUNICACIÓN PARA A VALORIZACIÓN DE MATERIAIS NATURAIS ESCAVADOS

OBXECTO

Comunicar as actividades de valorización de materiais naturais escavados en operacións de recheo e obras distintas a aquelas nas que se xeraron.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia.
- Orde APM/1007/2017, de 10 de outubro, sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas a aquelas nas que se xeraron.
- Orde do 7 de xullo do 2020 pola que se habilitan electronicamente os procedementos administrativos de prazo aberto do órgano competente en materia de calidade ambiental e cambio climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se habilitan na sede electrónica da Xunta de Galicia.

ÓRGANO QUE TRAMITA

O Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda correspondente á provincia onde se vaian a realizar as operacións de valorización.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Formulario de comunicación (**Anexo IV***).
- Datos relativos á actividade de xestión e ao emprazamento de destino dos materiais naturais escavados (**Anexo IV bis***), só no caso de que a empresa teña previstos máis de tres almacenamentos temporais.
- Declaración responsable do produtor ou posuidor dos residuos (**Anexo IV ter**).
- Acreditación da representación legal da entidade, no caso de persoas xurídicas e sempre que esa información non fora presentada con anterioridade.
- Xustificante do pago da **taxa** administrativa.

OUTROS DOCUMENTOS

- Copia da **autorización, permiso ou licencia de obra**, na que se levará a cabo a valorización dos materiais naturais escavados ou, no seu caso, copia do **documento mediante o que se acredite a adxudicación da obra**.
- **Informe favorable do órgano competente en materia de minas** no casos de recheo con fins de rehabilitación de terreos afectados por industrias extractivas, no caso de opoñerse á consulta.
- Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático pola que se formula **informe favorable de avaliación ambiental do proxecto** en aqueles supostos no que a actividade estea afectada polo previsto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, no caso de opoñerse á consulta. Para aqueles supostos nos que non sexa necesario o trámite ambiental, a entidade deberá marcalo no espazo habilitado para tal fin no cadro de declaracións.

FORMULARIOS

- MT201D

PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Durante todo o ano, con carácter previo ao inicio da actividade.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, as solicitudes poderán presentarse:

- No rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos aos que se refire o artigo 2.1. A estes efectos poderá empregarse a sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/portada>).



De conformidade co previsto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 e co artigo 10.1 da Lei 4/2019, en todo caso estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- As entidades sen personalidade xurídica.
- Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas en exercicio da devandita actividade profesional. En todo caso, dentro deste colectivo entenderanse incluídos os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- Os traballadores autónomos e traballadoras autónomas para os trámites e actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.
- Os empregados das Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma en que se determine regulamentariamente por cada Administración.
- Quen represente a un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración.

TAXAS

Datos xerais: <http://sirga.xunta.gal/taxas-administrativas>

Código: 32.52.23

Concepto: Comunicación de valorización de materiais naturais escavados

FIANZA E SEGUROS

Exentos

RECURSOS/RECLAMACIÓN

Recurso de alzada

INFORMACIÓN DA INSCRIPCIÓN

A comunicación terá efectos desde o momento no que se presenta, non obstante, a administración (Xefatura Territorial do Departamento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda correspondente á provincia onde se sitúa a sede social) deberá de comprobar o cumprimento dos requisitos por parte do solicitante, de modo que no caso de que o solicitante non os cumpra, comunicaráselle que non procede a inscrición en tanto non emende as deficiencias detectadas.

Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, emitirase un escrito no que se comunique ao interesado o número da súa inscrición.

O inicio da actividade sen realizar a correspondente comunicación previa e ou sen cumprir con todos os requisitos ambientais esixidos para o seu exercicio dará lugar á apertura do correspondente procedemento sancionador.

NOTA

Esta información ten unicamente carácter orientativo, polo que non substitúe nin modifica as disposicións normativas que regulan os diferentes procedementos administrativos nin, en consecuencia, pode dar orixe a dereitos ou deberes que non se encontren contempladas na regulamentación específica.

* Nestes anexos (**Anexo IV e Anexo IV bis**) cubrir as cantidades da orixe no cadro de datos da actividade de xestión e as cantidades de destino no cadro de datos da localización de destino dos materiais naturais escavados.

Última modificación: xullo 2021